

## CUESTIONARIO: O SECTOR PRIMARIO

1.- Define: Espazo agrario; espazo rural; poboación agraria; poboamento; hábitat. (na proba, de ser o caso, haberá tres destes cinco conceptos para definir).

2.- Indica cales son as actividades agrarias, e a que se dedica cada unha delas.

3.- Explica como se distribúe a poboación entre os sectores económicos, atendendo aos diversos niveis de desenvolvemento.

4.- Como inflúen a temperatura e as precipitación no desenvolvemento dos cultivos?

5.- Indica se os seguintes enunciados son positivos ou negativos para a agricultura: (os enunciados son un modelo; de ser o caso, poden variar na proba).

	Positivo	Negativo
Temperaturas moi cálidas.		
Precipitacións moderadas e ben distribuídas ao longo de todo o ano.		
Terreos en pendente.		
Vertente de avesda dunha montaña.		

6.- Como pode afectar a presión demográfica ás actividades agrarias?

7.- Completa a seguinte táboa:

	Instrumental agrario	Técnicas agrícolas
Sociedades tradicionais		
Sociedades avanzadas		

8.- En que se diferencian a explotación directa e a indirecta?

9.- Explica os diversos tipos de poboamento existentes.

10.- Como se clasifican as parcelas? Factores e tipos.

11.- Comenta os criterios de clasificación dos sistemas de cultivo:

a) Pola variedade de cultivos.

b) Segundo o aporte de auga.

c) Pola ocupación do solo.

d) Segundo o aproveitamento da terra.

12.- Indica as diferenzas xerais entre os sistemas agrarios tradicionais e os avanzados, e onde se localiza cada un deles.

13.- A agricultura itinerante ou de rozas.

14.- A agricultura sedentaria de secaño.

15.- A ricultura monzónica.

16.- En que consiste a agricultura ecolóxica?

17.- En que se diferencian a gandaría nómade e a transhumante?